

## CADERNO DE BITÁCORA

O Premio Johán Carballera do Concello de Bueu premiou na súa VI edición *Onde viven os saqueadores de naufraxios*, un poemario que nos dá a coñecer a Xurxo Alonso e que se articula arredor dun tempo xa pasado, aquí onde a rapiña e o saqueo son perigos que ameazan as singraduras. As falsas apariencias e a ilusión mestúranse nos ambientes portuarios e decadentes que o autor nos fai habitar e onde o exotismo doutros pobos e os destinos vitalmente frustrados tecen un rico entramado de culturas e existencias. Revivimos así todas as abordaxes de que dan conta os diarios de bitácora que, como epitafios, gardan a memoria das rotas daqueles corsarios xa míticos e agora inexistentes.

*Tempos Novos*, 72, maio 2003, p. 69.